



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Xuño 2021

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xuño 2021

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,2% en Galicia en xuño de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España crece un 1,8%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación diminúen un 1,8% e no Resto de produtos un 2,5%.
- As vendas minoristas aumentan en dez comunidades autónomas no mes de xuño.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 5,0% en Galicia no mes de xuño de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 6,8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,0% en Galicia e do 1,5% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas comunidades autónomas agás en Canarias.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Xuño 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	107,2	-0,2	6,1
Xeral sen estacións de servizo	108,0	-2,1	5,8
Alimentación	99,3	-1,8	-0,9
Resto	114,6	-2,5	11,7

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	-2,1	5,8
Xeral sen estacións de servizo	-0,7	-0,5
Alimentación	-1,3	6,2

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes diminúe un 0,2% en Galicia en xuño de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior; no conxunto de España crece un 1,8%.


O índice xeral sen estacións de servizo diminúe un 2,1% respecto a xuño de 2020 en Galicia mentres que aumenta un 0,5% en España. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 1,8% en Galicia e aumenta un 0,3% no conxunto de España.
- O Resto de produtos rexistra un descenso do 2,5% en Galicia mentres que no conxunto do Estado a taxa é do 0,1%.

Na primeira metade do ano, o índice xeral aumenta un 6,1% en Galicia e un 7,1% no conxunto de España. As vendas en Alimentación diminúen tanto en Galicia, -0,9% como en España, -2,2%. No Resto de produtos aumentan as vendas, 11,7% en Galicia e 14,6% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do -0,6%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

As vendas crecen en dez comunidades autónomas. Os maiores incrementos danse en Illes Balears (12,9%) e Madrid (5,3%) mentres que Asturias (-3,8%) e Aragón (-3,7%) rexistran os maiores descensos.

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xuño 2021

Taxas de variación en %



No que vai de ano, todas as comunidades aumentan as vendas. Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (13,4%), Illes Balears (9,1%) e Cantabria (8,9%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 5,0% en Galicia no mes de xuño de 2021, e un 6,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo crece un 1,4% en Galicia e un 3,9% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación diminúen un 0,8% e no Resto de produtos aumentan un 3,2%. No conxunto do Estado, as vendas en Alimentación aumentan un 1,3% e no Resto de produtos un 5,8%.

Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2021

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	114,5	5,0	9,2
Xeral sen estacións de servizo	115,0	1,4	8,4
Alimentación	108,7	-0,8	0,3
Resto	119,4	3,2	15,4



Na primeira metade do ano, o índice xeral rexistra unha taxa do 9,2% en Galicia e do 10,1% no conxunto do Estado.

As vendas en Alimentación aumentan no que vai de ano un 0,3% en Galicia mentres que diminúen un 1,2% en España. No Resto de produtos, as vendas crecen un 15,4% en Galicia e un 18,6% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,0% no mes de xuño en Galicia e do 1,5% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación diminúe un 0,8% en Galicia e o 1,0% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xuño en todas as comunidades autónomas agás Canarias (-2,5%). Os maiores incrementos danse en Comunitat Valenciana (2,9%), Illes Balears (2,7%) e Navarra (2,6%).

No que vai de ano, doce comunidades autónomas perden emprego. Os maiores descensos rexístranse en Canarias (-5,7%) e Illes Balears (-2,4%). As comunidades onde máis aumenta o emprego son Comunitat Valenciana (1,0%) e País Vasco (0,5%).

Índice xeral de ocupación. Xuño 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	114,5	5,0	9,2	107,2	-0,2	6,1
Xeral sen estacións de servizo	115,0	1,4	8,4	108,0	-2,1	5,8
Alimentación	108,7	-0,8	0,3	99,3	-1,8	-0,9
Resto	119,4	3,2	15,4	114,6	-2,5	11,7
España						
Xeral	113,5	6,8	10,1	106,5	1,8	7,1
Xeral sen estacións de servizo	113,3	3,9	8,7	106,9	0,5	6,2
Alimentación	111,8	1,3	-1,2	102,5	0,3	-2,2
Resto	114,3	5,8	18,6	110,2	0,1	14,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	112,8	3,8	9,6	108,4	-0,6	6,4
Xeral sen estacións de servizo	112,5	1,2	9,3	108,6	-2,6	6,5
Alimentación	108,6	-1,4	1,1	101,8	-1,3	-0,5
Resto	115,5	2,4	16,7	113,7	-3,0	13,5
España						
Xeral	110,2	6,0	10,6	104,5	1,4	7,9
Xeral sen estacións de servizo	110,2	3,6	9,3	105,2	0,4	6,9
Alimentación	112,0	0,6	-0,8	103,0	-0,2	-1,8
Resto	108,7	4,6	19,7	107,0	-0,3	16,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	113,5	6,8	10,1	106,5	1,8	7,1
Andalucía	110,2	5,1	8,5	103,9	0,5	5,6
Aragón	109,4	1,7	9,3	102,8	-3,7	6,0
Asturias	105,4	1,2	7,8	99,6	-3,8	5,0
Balears, Illes	121,1	19,4	12,9	113,5	12,9	9,1
Canarias	95,9	3,5	1,8	90,3	0,2	0,3
Cantabria	109,6	9,5	12,0	102,0	4,0	8,9
Castilla y León	104,7	6,0	8,1	97,8	0,4	4,8
Castilla-La Mancha	114,7	4,6	8,5	107,0	-0,9	5,3
Cataluña	108,4	9,0	10,1	100,6	3,7	7,0
Comunitat Valenciana	115,2	4,6	9,6	109,0	-0,6	6,3
Extremadura	100,1	4,6	5,0	94,2	-0,3	2,0
GALICIA	114,5	5,0	9,2	107,2	-0,2	6,1
Madrid	133,0	10,2	16,3	125,5	5,3	13,4
Murcia, Región de	111,2	4,8	9,6	105,6	0,7	6,9
Navarra	110,6	5,5	8,4	102,5	-0,3	4,8
País Vasco	115,1	5,4	10,0	107,0	0,4	6,8
Rioja, La	112,4	5,7	7,2	105,0	0,7	4,5
Ceuta	84,9	-1,8	-1,1	80,3	-5,4	-3,7
Melilla	80,3	-3,3	-2,4	75,1	-7,7	-5,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xuño 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,2	1,0	-0,8
Xeral sen estacións de servizo	102,9	0,9	-0,8
España			
Xeral	103,5	1,5	-1,0
Xeral sen estacións de servizo	103,5	1,5	-0,9

Fonte: INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Xuño 2021**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	103,5	1,5	-1,0
Andalucía	100,0	1,7	-1,4
Aragón	104,8	2,0	0,4
Asturias	104,1	0,9	-0,9
Balears, Illes	107,6	2,7	-2,4
Canarias	99,8	-2,5	-5,7
Cantabria	101,5	1,4	-1,0
Castilla y León	104,5	2,3	-0,1
Castilla-La Mancha	101,7	1,9	0,4
Cataluña	103,1	1,0	-1,6
Comunitat Valenciana	110,5	2,9	1,0
Extremadura	101,3	1,5	0,1
GALICIA	103,2	1,0	-0,8
Madrid	103,8	2,1	-0,5
Murcia	103,8	1,2	-0,7
Navarra	102,6	2,6	-1,1
País Vasco	104,8	2,3	0,5
Rioja, La	104,3	0,1	-1,9
Ceuta	99,5	-0,2	-1,2
Melilla	100,0	-0,9	-2,5

Fonte: INE